



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Aprobación da designación de Tenentes de Alcalde e determinación de áreas das concellerías.

Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Xestión de Integrantes).

Expte. TEDEC: 2023/G003/000450 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto o Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023.

Visto que na sesión constitutiva do Pleno da Corporación para o mandato 2023/2027 foi elixido don Jose Antonio Pereira Gil como Alcalde da Baña.

Visto o réxime de nomeamento dos Tenentes de Alcalde establecido no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 41 e 46 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que é vontade da Alcaldía nomear como primeira Tenente de Alcalde á Concelleira dona Mónica González Blanco, como segundo Tenente de Alcalde ó concelleiro don Jesús Manuel Pena Varela e como terceira Tenente de Alcalde á concelleira dona Vanessa Gil Vilacoba.

Visto que o artigo 21 da referida Lei 7/1985 determina que lle corresponde ó Alcalde dirixir o Goberno e a Administración municipal e que é vontade do mesmo o establecemento das seguintes áreas e concellerías, que serán encabezadas polos/as seguintes concelleiros/as:

- Servizos Básicos, patrimonio e persoal, don Jose Antonio Pereira Gil (Alcalde).
- Acción social, cultural e servizos á cidadanía, dona Mónica González Blanco (primeira Tenente de Alcalde).
- Obras, urbanismo e medio rural, don Jesús Manuel Pena Varela (segundo Tenente de Alcalde).
- Formación, emprego e relacións veciñais, dona Vanessa Gil Vilacoba (terceira Tenente de Alcalde).
- Contas, comunicación e novas tecnoloxías, don Álvaro Silva Suárez.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Turismo, deporte e relacións institucionais, dona Ana Pensado Louzao.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Nomear como primeira Tenente de Alcalde á Concelleira dona Mónica González Blanco, como segundo Tenente de Alcalde ó concelleiro don Jesús Manuel Pena Varela e como terceira Tenente de Alcalde á concelleira dona Vanessa Gil Vilacoba.

Segundo.- Aprobar o establecemento das seguintes áreas e concellerías, que serán encabezadas polos/as seguintes concelleiros/as:

- Servizos Básicos, patrimonio e persoal, don Jose Antonio Pereira Gil (Alcalde).
- Acción social, cultural e servizos á cidadanía, dona Mónica González Blanco (primeira Tenente de Alcalde).
- Obras, urbanismo e medio rural, don Jesús Manuel Pena Varela (segundo Tenente de Alcalde).
- Formación, emprego e relacións veciñais, dona Vanessa Gil Vilacoba (terceira Tenente de Alcalde).
- Contas, comunicación e novas tecnoloxías, don Álvaro Silva Suárez.
- Turismo, deporte e relacións institucionais, dona Ana Pensado Louzao.

Terceiro.- Remitir a resolución deste nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación no mesmo.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Baña

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.